# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

**Centro educativo**

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 36013692 | IES Val do Tea | Ponteareas | 2022/2023 |

**Área/materia/ámbito**

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Educación secundaria obrigatoria | Ámbito lingüístico social | 3º ESO | 12 | 420 |

| Contido | Páxina |
|---|---|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 8 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 37 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 38 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 38 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 40 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 42 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 42 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 43 |
| 7.2. Actividades complementarias | 45 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 46 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 47 |
| 9. Outros apartados | 47 |

## 1. Introdución

O ámbito Lingüístico e Social permítelle ao alumnado obter unha dimensión conxunta da evolución da sociedade actual, achegarse aos diferentes modos de vida polos que pasou o ser humano ao longo da historia e coñecer o patrimonio cultural, social, lingüístico e artístico do noso país.

Por outra banda, este ámbito contribuirá á adquisición das competencias clave, pois presenta unha conexión directa coa dimensión comunicativa, intercultural e cívica necesarias para fomentar unha cidadanía responsable.

O ámbito Lingüístico e Social integra tamén a aprendizaxe da lingua estranxeira, no noso caso, o inglés. A demanda da lingua inglesa está incrementando nas últimas décadas e isto reflíctese no número de xente que a día de hoxe quere aprender esta lingua. O obxectivo de aprender a lingua non é só aprender para obter unha nota senón que é aprender a comunicarse en contextos da vida diaria. É por iso que o proceso de ensino - aprendizaxe na escola, no noso caso, na educación secundaria, debe ter un enfoque comunicativo e funcional.

Tal e como mencionamos no parágrafo anterior en relación ás competencias, a lingua estranxeira contribúe á adquisición de todas as competencias clave que conforman o perfil de saída do alumnado ao finalizar a ensinanza básica, aínda que, tratándose dunha lingua, participa de forma máis acentuada na consecución da competencia plurilingüe, a competencia comunicativa apropiada ao 3º curso da ESO na lingua estranxeira, permitindo que o alumnado enriqueza e aumente a súa conciencia intercultural. É esencial que o alumnado se decate de que a aprendizaxe dunha lingua estranxeira, neste caso a lingua inglesa, é útil para o seu desenvolvemento na vida real, reflexionando sobre o seu uso e amosando respecto pola diversidade linguística.

Esta programación do Ámbito Lingüístico e Social vai dirixida aun grupo de 8 alumnas e alumnos de 1ºPDC (que adoitamos coñecer como 3ºPDC), impartido por dúas profesoras, o que supón traballar de xeito coordinado á hora de programar, á hora de deseñar situacións de aprendizaxe, partindo das aprendizaxes previas adquiridas polo alumnado e tendo en conta o perfil de aula do grupo, é dicir, atendendo á diversidade de todo o alumnado.

Se desglosamos o ámbito nas materias que o engloban, unha das profesoras imparte a lingua estranxeira e a outra profesora imparte as demais linguas así como a parte social do ámbito (xeografia e historia).

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Identificar e comprender a natureza histórica das relacións sociais, das actividades económicas, das manifestacións culturais e dos bens patrimoniais materiais e inmateriais que compartimos, analizando as súas orixes e evolución e identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos, os problemas actuais e os seus valores presentes, para realizar propostas que contribúan a respectar os sentimentos de pertenza, o benestar futuro e o desenvolvemento da sociedade. | 1-2-3 | | 5 | 1-2-3 | 1-3 | 1-4 | 1 | 1-2-3 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX2 - Comprender as orixes e a evolución dos procesos de integración europea e a súa relevancia no presente e no futuro da sociedade española e das comunidades locais, destacando a contribución do Estado, as súas institucións e as entidades sociais á paz, á cooperación internacional, á cohesión social, á solidariedade territorial, ao desenvolvemento sustentable e á cidadanía global con base nos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, para contribuír a crear un mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto no que se recoñeza a conformación dunha realidade multicultural e se valore a contribución dos movementos en defensa da igualdade e da inclusión evitando discriminacións e violencias. | 1-2-3 | | 1 | 1-2-3 | 1-3 | 2-3-4 | 1-3 | 3 |
| OBX3 - Valorar os principios básicos do sistema democrático e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, analizando de forma crítica as formulacións históricas e xeográficas, as institucións e as diferentes organizacións políticas e económicas en que se manifestan, para adecuar o comportamento propio ao cumprimento dos devanditos principios. | 1-2-5 | 3 | 1 | 1-2-3 | 1-3 | 2-3-4 | 2 | 1-3 |
| OBX4 - Comunicar en lingua castelá e galega de maneira cooperativa e respectuosa, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e á súa adecuación a diferentes ámbitos e contextos, para dar resposta a necesidades concretas | 1-2-4-5 | 1-2-3 | 1-4 | 1-2-3-4-5 | 1-2-3-4 | 1-3 | 1-3 | 1-2 |
| OBX5 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, adoptando un punto de vista crítico e persoal á par que respectuoso coa propiedade intelectual. | 1-2-3-5 | 1-3 | 2 | 1-2-3-4-5 | 4 | 3 | 1-3 | 2-4 |
| OBX6 - Ler, interpretar e valorar fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais para establecer vínculos entre textos diversos co fin de conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozar da literatura e crear textos de intención literaria. | 1-4-5 | 1-2-3 | 1 | 1 | 1 | 1-3 | 1-3 | 1-2-3-4 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX7 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de recepción crítica. | 1-2 | 1-2-3 | 2-4 | 2-3 | 4-5 | 1-3-4 | 1-3 | 1-2-3 |
| OBX8 - Comprender e interpretar, en lingua estranxeira, o sentido xeral e os detalles máis relevantes de textos expresados de forma clara e na lingua estándar, buscando fontes fiables e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas concretas. | 2-3 | 1-2 | 1 | 1 | 5 | | | 2 |
| OBX9 - Producir, en lingua estranxeira, textos orixinais, de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma creativa, adecuada e coherente mensaxes relevantes e responder a propósitos comunicativos concretos. | 1 | 1-2 | 1 | 2 | 5 | | | 2 |
| OBX10 - Interactuar en lingua estranxeira con outras persoas con crecente autonomía, usando estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a propósitos comunicativos concretos en intercambios respectuosos coas normas de cortesía. | 5 | 1-2 | 1 | 3 | 3 | 3 | | |
| OBX11 - Mediar en situacións cotiás entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable. | 5 | 1-2-3 | 1 | | 1-3 | 1-3 | | 1 |
| OBX12 - Ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando de forma crítica sobre o seu funcionamento e tomando conciencia das estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas. | | 2 | 1 | 2 | 1-5 | | | |

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Ciencias Sociais T1 | Nesta unidade estudaremos a transformación humana do territorio; os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia;  a organización política e | 14 | 45 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Ciencias Sociais T1 | económica das sociedades, o ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional;  a cidadanía europea e cosmopolita, e por último, España e Galicia na UE. | 14 | 45 | X | | |
| 2 | Linguaxe e comunicación: Lingua Galega e Castelá T1 | Nesta unidade traballaremos as catro destrezas lingüísticas (expresión e comprensión oral, expresión e comprensión escrita) en lingua galega e castelá. Abordaremos, ademais, algúns aspectos sobre o funcionamento da lingua (clases de palabras, funcións sintácticas básicas e semántica). | 9 | 50 | X | | |
| 3 | Educación literaria T1 | Nesta unidade traballaremos a educación literaria a través de textos representativos da literatura medieval galega e castelá, así como a través da lectura autónoma de dúas obras literarias contemporáneas de diferentes xéneros (en galego e castelán). | 5 | 30 | X | | |
| 4 | Linguaxe e comunicación: Inglés T1 | Nesta unidade de traballo adicarémonos ás catro destrezas lingüísticas (expresión e comprensión oral, expresión e comprensión escrita), as estruturas gramaticais e funcións lingüísticas propias do nivel, reflexión sobre a lingua, o plurilingüismo así como a interculturalidade. As tarefas neste primeiro trimestre centraranse nas funcións comunicativas para presentarse, coñecerse, falar da rutina diaria, o tempo de lecer, así como descrición de persoas, lugares e acontecementos. | 5 | 45 | X | | |
| 5 | Ciencias Sociais T2 | Nesta unidade de traballo estudaremos o espazo natural, rural e urbano e a súa evolución en España e Galicia.Abordaremos algúns dos retos do mundo actual: a igualdade de xénero, a distribución desigual de recursos e traballo, así como o reto demográfico en España e Galicia, e o éxodo rural e  concentración urbana . Estudaremos, ademais, a Época Contemporánea (permanencias e cambios) e abordaremos  a conquista dos dereitos individuais e colectivos. Así mesmo, repasaremos os cambios máis relevantes da Idade Moderna. | 14 | 30 | | X | |
| 6 | Linguaxe e comunicación: Lingua Galega e Castelá T2 | Nesta unidade traballaremos as catro destrezas lingüísticas (expresión e comprensión oral, expresión e comprensión escrita) en lingua galega e castelá. Abordaremos algúns aspectos sobre o funcionamento da lingua (clases de palabras, funcións sintácticas básicas e semántica). Así mesmo, identificaremos os | 9 | 45 | | X | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 6 | Linguaxe e comunicación: Lingua Galega e Castelá T2 | principais prexuízos e estereotipos lingüísticos fomentando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural. | 9 | 45 | | X | |
| 7 | Educación literaria T2 | Nesta unidade traballaremos a educación literaria a través de textos representativos da literatura galega e castelá dos séculos XVI, XVII e XVIII, así como a través da lectura autónoma de dúas obras literarias contemporáneas de diferentes xéneros (en galego e castelán). | 5 | 20 | | X | |
| 8 | Linguaxe e comunicación: Inglés T2 | Nesta unidade seguiremos a desenvolver as catro destrezas lingüísticas (expresión e comprensión oral, expresión e comprensión escrita), as estruturas gramaticais e funcións lingüísticas propias do nivel, reflexión sobre a lingua, o plurilingüismo así como a interculturalidade.<br>As tarefas neste segundo trimestre centraranse na aprendizaxe de funcións que lle permitan ao alumnado dar e pedir instrucións, orden, consellos, ofrecer, facer suxestións, así como narrar eventos pasados. | 5 | 30 | | X | |
| 9 | Ciencias Sociais T3 | Nesta unidade achegarémonos ás Revolucións industriais e ao nacemento dunha nova sociedade; á participación da muller nos procesos históricos do século XVIII; ás características xerais das novas expresións artísticas e culturais ata a metade do XIX. Centrarémonos, ademais, na personalidade de Goya. Finalmente, fomentaremos o compromiso cívico e social, a través da implicación na defensa e protección do medio ambiente. | 14 | 30 | | | X |
| 10 | Linguaxe e comunicación: Lingua Galega e Castelá.T3 | Nesta unidade traballaremos as catro destrezas lingüísticas (expresión e comprensión oral, expresión e comprensión escrita) en lingua galega e castelá. Abordaremos algúns aspectos sobre o funcionamento da lingua (clases de palabras, funcións sintácticas básicas e semántica). Achegarémonos, ademais, á diversidade lingüística do Estado Español. | 9 | 45 | | | X |
| 11 | Educación literaria T3 | Nesta unidade traballaremos a educación literaria a través de textos representativos da literatura galega e castelá do século XIX, así como a través da lectura autónoma de dúas obras literarias contemporáneas de diferentes xéneros (en galego e castelán). | 5 | 20 | | | X |
| 12 | Linguaxe e comunicación: Inglés T3 | Nesta unidade de traballo traballaremos as catro destrezas lingüísticas (expresión e comprensión oral, expresión e comprensión escrita), as estruturas gramaticais e funcións lingüísticas propias do nivel, | 6 | 30 | | | X |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 12 | Linguaxe e comunicación: Inglés T3 | reflexión sobre a lingua, o plurilingüismo así como a interculturalidade.<br>E por último, no terceiro trimestre as tarefas centraranse en expresar eventos, situacións futuras, opinión, posibilidad, dúbida, etc. | 6 | 30 | | | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | Ciencias Sociais T1 | 45 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Identificar os elementos da contorna física e humana e comprender o seu funcionamento e analizar as súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico. | Contesta a cuestións e identifica, enumera e relaciona gran parte dos elementos físicos e humanos da súa contorna, indicando con certo criterio cales foron os cambios e as permanencias do pasado. | PE | 80 |
| CA1.5 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais e o recoñecemento das súas expresións culturais. | Explica de xeito comprensible as características das formas de vida, política, social e económica en diferentes escalas espaciais e comprende a relación de interdependencia cultural | | |
| CA1.9 - Coñecer, valorar e exercitar responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e a defensa dos valores constitucionais e democráticos. | Enumera os principios e valores do sistema democrático e contraponos a outros sistemas políticos e sabe o significado da Constitución e dos Estatutos Autonómicos, recoñecendo a súa importancia. | | |
| CA1.10 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. | Coñece as institucións do Estado e algunhas institucións civís que garanten a seguridade integral e a convivecia social, | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos usando fontes fiables do presente e da historia contemporánea e xerar produtos orixinais e creativos como proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, como a interpretación de imaxes, e utilizar secuencias cronolóxicas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos. | Elabora contidos con certa coherencia sobre xeografía e historia en distintos formatos como resumos, esquemas, enumeracións... empregando mapas, eixes cronolóxicos e outras representacións gráficas. | TI | 20 |
| CA1.8 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade que conformou a sociedade globalizada e multicultural actual recoñecendo a achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados e xerando unha conciencia solidaria mediante o traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos. | Rexeita  actitudes discriminatorias e manifesta unha conciencia solidaria mediante o traballo en equipo e resolución pacífica de conflitos. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Retos do mundo actual.<br>- Obxectivos e estratexias das ciencias sociais: procedementos, termos e conceptos e métodos de investigación no ámbito da xeografía e da historia.<br>- Procura de información en contornas dixitais e uso específico de léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico e elaboración de traballos ou proxectos nos que se faga uso de mapas, gráficas, imaxes¿<br>- O comentario de documentos escritos e gráficos. Exposición de ideas e argumentos sobre diferentes temas que se abordan no curso.<br>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos e dos ciclos demográficos.<br>- Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados.<br>- Sociedades e territorios.<br>- A distribución desigual de recursos e traballo. O emprego na sociedade actual.<br>- Organización política e económica das sociedades. Ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional. Cidadanía europea e cosmopolita. España e Galicia na UE. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | Linguaxe e comunicación: Lingua Galega e Castelá T1 | 50 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos, realizando as inferencias necesarias e atendendo a distintos propósitos de lectura. | Comprende o sentido global , a estrutura e a información máis relevante dos textos orais e escritos. | PE | 70 |
| CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade, avaliando a calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos e lingüísticos empregados. | Valora a forma e o contido de textos orais e escritos, argumentando sobre a adecuación dos mesmos á situación comunicativa | | |
| CA3.6 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | Enriquece os textos grazas á precisión léxica e á corrección ortográfica e gramatical. | | |
| CA5.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica. | Explica e argumenta a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor. | | |
| CA5.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da manipulación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas. | Formula xeneralizacións sobre algún aspecto do funcionamento da lingua (morfoloxía , sintaxe e semántica) utilizando a metalinguaxe específica e consultando dicionarios, manuais e gramáticas. | | |
| CA2.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación. | Identifica e evita os usos discriminatorios da lingua. | TI | 30 |
| CA2.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, tanto no ámbito persoal como educativo e social e profesional. | Utiliza estratexias para a resolución dialogada de conflitos. | | |
| CA3.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais. | Realiza exposicións e argumentacións orais con certa extensión e complexidade usando o rexistro adecuado | | |
| CA3.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado, con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística. | Participa de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e formais con actitude de escoita activa e cortesía lingüística. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais de certa extensión atendendo á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta, e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado. | Planifica a redacción de textos escritos . Redacta borradores | | |
| CA3.7 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes, tanto analóxicas como dixitais, evitando os riscos de manipulación e desinformación e calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizar e integrar a información en esquemas propios, e reelaborala e comunicala de maneira creativa adoptando un punto de vista crítico respectando os principios de propiedade intelectual. | Localiza, selecciona e contrasta información procedente de distintas fontes e organízaa en esquemas propios. | | |
| CA3.8 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social a partir da información seleccionada. | Elabora traballos de investigación sobre diferentes temas. | | |
| CA3.9 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica, e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Revisa o textos e fai propostas de mellora sobre os textos propios, argumentando as mudanzas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto. |
| - Desenvolvemento da reflexión interlingüística. |
| - Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo. |
| - Análise das compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais |
| - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise de textos orais, escritos e multimodais. |
| - Comprensión e creación de secuencias textuais básicas con especial atención ás expositivas. |
| - Emprego correcto das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. |
| - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa, con especial atención aos actos de fala que ameazan a imaxe do interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación). |
| - Procesos de produción, comprensión e análise de textos orais, escritos e multimodais. |
| - Interacción oral e escrita de carácter informal e formal. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. Comunicación emocional. |

| Contidos |
| --- |
| - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor.<br>- Produción oral formal. Planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.<br>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto.<br>- Produción escrita. Planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc.<br>- Alfabetización informacional.<br>- Busca e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios.<br>- Fontes de información: criterios de procura e selección de información fiable, pertinente e de calidade.<br>- Comunicación e difusión da información de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual.<br>- Estratexias de procura e selección de información.<br>- Estratexias de organización da información: a escritura como mecanismo para organizar o pensamento (notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos¿).<br>- Achegamento ao emprego correcto do sistema de citación e uso das referencias bibliográficas nas creacións propias.<br>- Utilización responsable das tecnoloxías da información e da comunicación. Dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais, tanto para a procura de información, como para a realización de proxectos escolares.<br>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.<br>- Identificación e emprego de recursos lingüísticos para amosar a implicación do emisor nos textos: formas de deíxe (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización.<br>- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.<br>- Emprego correcto dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.<br>- Estratexias de construción guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico. Observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas (morfemas, palabras, oracións). Manipulación de estruturas, formulación de hipóteses, contraexemplos,<br>- Observación das diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.<br>- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras.<br>- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Recursos tecnolóxicos para a aprendizaxe da lingua. |

| UD | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 3 | Educación literaria T1 | 30 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos, realizando as inferencias necesarias e atendendo a diferentes propósitos de lectura. | Comprende o sentido global, a estrutura e a información máis relevante en textos orais e escritos  e multimodais de diferentes ámbitos. | PE | 70 |
| CA4.3 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | Incorpora procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo. | | |
| CA4.6 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo a configuración e evolución dos xéneros e subxéneros literarios. | Explica e argumenta a interpretación das obras lidas en función do contexto histórico e atendendo á configuracións dos xéneros literarios. | | |
| CA4.7 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais e outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura. | Establece vínculos entre os textos lidos e outros textos e manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos e valores éticos. | | |
| CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios. | Crea textos con intención literaria en distintos soportes a partir da lectura de fragmentos significativos empregando as convencións dos diversos xéneros. | | |
| CA4.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade, avaliando a calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos e lingüísticos empregados. | Valora  a forma e o contido de textos orais e escritos e multimodais avaliando a idoneidade da canle, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados | TI | 30 |
| CA4.4 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia de lectura. | Le de maneira progresivamente autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos e explica os criterios de selección das lecturas | | |
| CA4.5 - Compartir a experiencia de lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural. | Comparte a experiencia de lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Lectura autónoma. |

| Contidos |
|---|
| - Expresión, a través de modelos, da experiencia lectora e de diferentes formas de apropiación e recreación dos textos lidos.<br>- Lectura expresiva, dramatización e recitado dos textos escritos en lingua castelá atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.<br>- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos escritos en lingua galega atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.<br>- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.<br>- Lectura guiada.<br>- Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario español a partir da Idade Media ata o século XVIII.<br>- Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario galego dende a Idade Media ata o século XIX.<br>- Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario universal da Idade Media ata o século XVIII.<br>- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras. Discusións ou conversacións literarias, debates e disertacións literarias.<br>- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias, en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de par<br>- Relación e comparación dos textos lidos en lingua galega e lingua castelá con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, estruturas e linguaxes.<br>- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios, atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo feminino. Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, co<br>- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.). |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 4 | Linguaxe e comunicación: Inglés T1 | 45 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA6.1 - Extraer e analizar o sentido global e as ideas principais, e seleccionar de forma guiada información pertinente de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes. | Extraer o sentido global de textos escritos, sobre temas cotiás, de relevancia persoal ou público próximos á experiencia do alumnado. | PE | 60 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA6.2 - Interpretar e, de forma guiada, valorar o contido e os trazos discursivos de textos progresivamente máis complexos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe, así como de textos literarios adecuados ao nivel de madurez do alumnado. | Interpretar, de forma guiada, o contido e trazos discursivos de textos de ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe, e de textos literarios adecuados. | | |
| CA6.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; inferir significados e interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información veraz. | Seleccionar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido, a información esencial, e os detalles máis relevantes dos textos. | | |
| CA6.5 - Redactar e difundir textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, seguindo pautas establecidas, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio. | Redactar e difundir textos de extensión media con corrección aceptable, segundo pautas establecidas, sobre asuntos cotiás, de relevancia persoal ou interese público próximos á experiencia do alumnado, con axuda de alumnado do equipo ou da profesora. | | |
| CA6.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas, a características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades do interlocutor ou interlocutora potencial a quen vai dirixido o texto. | Seleccionar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos empregando recursos axeitados. | | |
| CA6.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento. | Aplicar estratexias que faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos e mensaxes, adecuadas ás intencións comunicativas e ao contexto. | | |
| CA6.4 - Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximo á experiencia do alumnado co fin de describir, narrar e informar en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, control, compensación e cooperación básicas. | Expresar oralmente textos sinxelos, co fin de describir, narrar e informar en diferentes soportes. | TI | 40 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA6.7 - Planificar, participar e colaborar de maneira activa, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións dos interlocutores e interlocutoras. | Participar e colaborar de forma activa en situacións interactivas sobre temas cotiás ou de interese público próximas ás experiencias do alumnado. | | |
| CA6.8 - Seleccionar, organizar e utilizar de forma guiada estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, resumir, colaborar, debater e resolver problemas. | Seleccionar e utilizar de forma guiada estratexias para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar aclaracións e explicacións. | | |
| CA6.9 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polos interlocutores e interlocutoras, así como polas linguas empregadas, e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna, apoiándose en diversos recursos e soportes. | Inferir textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, participando na solución de problemas, coa axuda de compañeiras e compañeiros. | | |
| CA6.11 - Comparar e, de forma guiada, argumentar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento. | Comparar e, de forma guiada, argumentar as similitudes e diferencias entre as distintas linguas e reflexionando progresivamente, de xeito autónomo ou con axuda, sobre o seu funcionamento. | | |
| CA6.12 - Utilizar de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais. | Utilizar estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e/ou dixitais. | | |
| CA6.13 - Rexistrar e analizar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e consolidar o seu progreso, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe. | Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira de forma guiada, e seleccionando as estratexias máis eficaces para superar as dificultades e consolidar o seu progreso. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.<br>- Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás.<br>- Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, |

| Contidos |
|---|
| - presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares |
| - Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación) |
| - Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negació |
| - Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da infor |
| - Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos padróns. |
| - Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, padróns e elementos gráficos. |
| - Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colabora |
| - Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc. |
| - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados. |
| - Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas et |
| - Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do re |
| - Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, padróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico pers |
| - Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas. |
| - Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe). |
| - Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 5 | Ciencias Sociais T2 | 30 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Identificar os elementos da contorna física e humana e comprender o seu funcionamento e analizar as súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico. | Identifica  elementos da contorna física e humana ,comprende o seu funcionamento e analiza algunhas das súas relacións naturais e humanas. | PE | 80 |
| - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico das oracións coordinadas. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.<br>- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Recursos tecnolóxicos para a aprendizaxe da lingua. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 11 | Educación literaria T3 | 20 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos, realizando as inferencias necesarias e atendendo a diferentes propósitos de lectura. | Comprende o sentido global, a estrutura e a información máis relevante en textos orais e escritos  e multimodais de diferentes ámbitos. | PE | 70 |
| CA4.3 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | Incorpora procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo. | | |
| CA4.6 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo a configuración e evolución dos xéneros e subxéneros literarios. | Explica e argumenta a interpretación das obras lidas en función do contexto histórico e atendendo á configuracións dos xéneros literarios. | | |
| CA4.7 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais e outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura. | Establece vínculos argumentados  entre os textos lidos e outros textos e manifestacións asrtísticas en función de temas, tópicos e valores éticos | | |
| CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios. | Crea  textos con intención literaria en distintos soportes a partir da lectura de fragmentos significativos empregando as convencións dos diversos xéneros. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade, avaliando a calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos e lingüísticos empregados. | Valora a forma e o contido de textos orais e escritos e multimodais avaliando a idoenidade da canle , así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | TI | 30 |
| CA4.4 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia de lectura. | Le de maneira progresivamente autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos e explica os criterios de selección das lecturas | | |
| CA4.5 - Compartir a experiencia de lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural. | Comparte a experiencia de lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Lectura autónoma.<br>- Expresión, a través de modelos, da experiencia lectora e de diferentes formas de apropiación e recreación dos textos lidos.<br>- Lectura expresiva, dramatización e recitado dos textos escritos en lingua castelá atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.<br>- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos escritos en lingua galega atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.<br>- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.<br>- Lectura guiada.<br>- Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario español a partir da Idade Media ata o século XVIII.<br>- Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario galego dende a Idade Media ata o século XIX.<br>- Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario universal da Idade Media ata o século XVIII.<br>- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras. Discusións ou conversacións literarias, debates e disertacións literarias.<br>- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias, en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de par<br>- Relación e comparación dos textos lidos en lingua galega e lingua castelá con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, estruturas e linguaxes.<br>- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios, atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo feminino. Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, co<br>- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.). |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 12 | Linguaxe e comunicación: Inglés T3 | 30 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA6.1 - Extraer e analizar o sentido global e as ideas principais, e seleccionar de forma guiada información pertinente de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes. | Extraer o sentido global de textos escritos, sobre temas cotiás, de relevancia persoal pública próximos á experiencia do alumnado. | PE | 60 |
| CA6.2 - Interpretar e, de forma guiada, valorar o contido e os trazos discursivos de textos progresivamente máis complexos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe, así como de textos literarios adecuados ao nivel de madurez do alumnado. | Interpretar, de forma guiada, o contido e trazos discursivos de textos dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe, e de textos literarios adecuados. | | |
| CA6.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; inferir significados e interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información veraz. | Seleccionar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido, a información esencial, e os detalles máis relevantes dos | | |
| CA6.5 - Redactar e difundir textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, seguindo pautas establecidas, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio. | Redactar e difundir textos de extensión media con aceptable corrección segundo pautas establecidas, sobre asuntos cotiás, de relevancia persoal ou interese público próximos á experiencia do alumnado. | | |
| CA6.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades do interlocutor ou interlocutora potencial a quen vai dirixido o texto. | Seleccionar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos usando os recursos máis adecuados. | | |
| CA6.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento. | Aplicar estratexias que faciliten a comunicación e<br>sirvan para explicar e simplificar textos e mensaxes, adecuadas ás intencións comunicativas e ao contexto. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA6.4 - Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximo á experiencia do alumnado co fin de describir, narrar e informar en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, control, compensación e cooperación básicas. | Expresar oralmente textos sinxelos adecuados á situación comunicativa, co fin de describir, narrar e informar en diferentes soportes. | TI | 40 |
| CA6.7 - Planificar, participar e colaborar de maneira activa, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións dos interlocutores e interlocutoras. | Planificar e participar de forma activa en situacións interactivas sobre temas cotiás ou de interese público próximas ás experiencias do alumnado. | | |
| CA6.8 - Seleccionar, organizar e utilizar de forma guiada estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, resumir, colaborar, debater e resolver problemas. | Seleccionar e utilizar de forma guiada estratexias para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar aclaracións e explicacións. | | |
| CA6.9 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polos interlocutores e interlocutoras, así como polas linguas empregadas, e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna, apoiándose en diversos recursos e soportes. | Inferir textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, participando na solución de problemas, coa axuda de compañeiras e compañeiros. | | |
| CA6.11 - Comparar e, de forma guiada, argumentar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento. | Comparar e, de forma guiada, argumentar as similutes e diferencias entre as distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento. | | |
| CA6.12 - Utilizar de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais. | Utilizar estratexias e coñementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a Lingua Estranxeira co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e/ou dixitais. | | |
| CA6.13 - Rexistrar e analizar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e consolidar o seu progreso, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe. | Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira de forma guiada, e seleccionando as estratexias máis eficaces para superar as dificultades e consolidar o seu progreso. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.<br>- Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás.<br>- Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares<br>- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación)<br>- Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negació<br>- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da infor<br>- Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos padróns.<br>- Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, padróns e elementos gráficos.<br>- Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colabora<br>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.<br>- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.<br>- Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas et<br>- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do re<br>- Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, padróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico pers<br>- Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.<br>- Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).<br>- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos. |

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Tendo en conta os principios pedagóxicos do Decreto 156/2022 así como as orientacións pedagóxicas do ámbito, ao longo de toda a programación empregaranse diferentes recursos metodolóxicos para o deseño das situacións de aprendizaxe.

Algúns dos aspectos metodolóxicos que teremos en conta para o deseño de situacións de aprendizaxe son os seguintes:

-O alumnado ha de organizar o seu pensamento e reflexionar de forma crítica e creativa.

-A metodoloxía ha de favorecer a motivación por aprender entre o alumnado, así que para iso é importante que teñamos en conta os seus intereses, os seus estilos de expresión e os seus estilos de aprendizaxe.

-Ademáis da motivación, é importante fomentar a creatividade entre o alumnado. O profesorado tentará crear un ambiente que favoreza a iniciativa e a libre expresión do alumnado.

-O profesorado deberá proporcionar un ensino personalizado, atendendo á diversidade da aula, deseñando actividades adaptadas a cada alumno ou alumna, tanto de extensión como de reforzo se fose preciso.

-Fomentaremos o emprego das TIC. A plataforma E-dixgal será un recurso a empregar no día a día.

-O papel que ha de desempeñar o profesorado é o de facilitador, de guía; as profesoras como activadoras das aprendizaxes.

En canto as metodoloxías que implementaremos na aula:

1.- APRENDIZAXE BASEADA EN TAREFAS/PROXECTOS

Partindo dos intereses e motivación do alumnado e tendo en conta as súas fortalezas, estilos de aprendizaxe e estilos de expresión, desenvolveranse tarefas e proxectos de xeito globalizado.

2.- APRENDIZAXE COOPERATIVA

-Traballo en equipo a través de diferentes estruturas de aprendizaxe cooperativa, dinámicas de cohesión e seguemento e avaliación do traballo.

-Cohesión de grupo: dinámicas de cohesión de equipo e gran grupo, xogos de autocoñecemento e coñecemento ou resolucións de conflitos para favorecer un bo clima de traballo na aula (e fóra da mesma).

-Estruturas empregadas principalmente: folio xiratorio, 1-2-4, lápis ao centro, saco de dúbidas, parada de 3', lectura compartida.

3.- APRENDIZAXE BASEADA NO PENSAMENTO

Empregaremos un conxunto de ferramentas e recursos que permitan facer visibles os procesos cognitivos na aula, ensinando a pensar de xeito reflexivo, crítico, creativo e eficaz, promovendo a infusión curricular e fomentando unha cultura do pensamento.

Ao longo do desenvolvemento da programación empregaranse diferentes estratexias e ferramentas que facilitarán a asimilación de aprendizaxes, a profundización, a reflexión sobre o propio coñecemento e a construción do propio pensamento.

De xeito xeral, empregaranse:

-Rutinas de pensamento, patróns sinxelos de pensamento que poden ser empregados repetidamente, permitindo xerar pensamentos, razoar e reflexionar (vexo, penso, pregúntome; KWL; un titular; CSI; antes pensaba...agora

penso; toma de notas).

-Organizadores gráficos, ferramentas que axudan a rodear o pensamento permitindo unha aprendizaxe máis profunda, observando visualmente as relación da información (thinking maps, mapas mentais, diagrama de Venn).

Esta metodoloxía permite o desenvolvemento dos procesos cognitivos que vertebran as aprendizaxes recollidas no currículum a través do tratamento da información e conceptos específicos da materia.

Á hora de deseñar as actividades teremos en conta os tres piares do DUA: múltiples medios de representación, múltiples medios de acción e expresión e múltiples formas de motivas ao alumnado.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Entorno Virtual de Aprendizaxe (e-dixgal e aula virtual) |
| Material funxible da aula e do alumnado |
| Producións audiovisuais (vídeos, audios e outras gravacións temáticas) |
| Organizadores gráficos: mapas mentais, mapas de pensamento... |
| Fontes de información físicas e dixitais: libros de lectura, xornais, glosarios, revistas, entrevistas, mapas, libro de texto serie Avanza editorial Santillana |
| Recursos ambientais: a aula e calquera outro espazo do centro (ou fóra do mesmo) que fose preciso |
| Recursos online: Kahoot, Quizziz, Genially, Canva... |

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

AVALIACIÓN INICIAL LINGUA ESTRANXEIRA

A avaliación inicial realizarse a través de diferentes actividades nas que o alumnado deberá situar os seus coñecementos en relación á materia, e levarase a cabo nas primeiras semanas de curso.

Realizaránse:

-Cuestionarios a través de Kahoot e Quizizz para avaliar o coñecemento global da lingua en canto a estruturas gramaticais, lingüísticas, léxicas e aspectos socioculturais.

-Elaboración dun texto escrito para ver a súa competencia lingüística á hora de elaborar textos escritos e analizar o seu nivel lingüístico en canto a estruturas gramaticais, léxico empregado, conectores, coherencia e cohesión, e puntuación.

-All about me: actividade de presentación oral previa actividade con organizador gráfico para recoller a información que empregarán na súa presentación.

-Roleplays e simulacións de situacións reais para avaliar a súa competencia para expresarse oralmente, interactuando coas compañeiras e compañeiros, e coa docente.

-Actividade de comprensión lectora.

-Actividade de comprensión oral.

Avaliaremos tamén un aspecto fundamental para o deseño do proceso de ensino-aprendizaxe: o clima e relación na aula.

Ademais, o alumnado contestará preguntas de xeito individual en relación ás súas preferencias e estilos de traballo e aprendizaxe, as súas fortalezas e as súas dificultades coa lingua inglesa (Actividade My Hand).

A información recollida a través da avaliación inicial nesta lingua, e no resto das materias do ámbito, permitirá detectar as posibles dificultades, pero sobre todo, encamíñase á deteción de fortalezas, talento e oportunidades do alumnado para a procura dun maior éxito na súa aprendizaxe.

Ao finalizar a avaliación inicial, procederemos en reunión de equipo docente a elaborar o de aula, que permita recoller a información dos seus estilos de expresión destacados, o tipo de agrupamento no que traballan máis cómodas e cómodos e o estilo de presentación de información que lles beneficia, ademáis dos seus intereses e características salientables.

Esta información, que se revisará polo conxunto do profesorado nas sesións de avaliación, permitirá o deseño de situacións de aprendizaxe personalizadas, tendo en conta os principios do Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA), e adoptar as medidas de atención á diversidade que fosen precisas.

AVALIACIÓN INICIAL LINGUA E COMUNICACIÓN EN LINGUA CASTELÁ E LINGUA GALEGA, E CIENCIAS SOCIAIS

A avaliación inicial realizarse a través de diferentes actividades nas que o alumnado deberá situar os seus coñecementos en relación á materia, e levarase a cabo nas primeiras semanas de curso.

Instrumentos:

-Elaboración dun texto escrito.

-Unha actividade de expresión oral.

-Unha proba de lectura para comprobar o grao de fluidez e comprensión lectora.

-un test sobre coñecementos de xeografía e historia.

Ademais de avaliar aspectos curriculares, durante as primeiras semanas tamén se recompilará información relativa aos seguintes aspectos.

-O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).

-Os aspectos que se deben ter en conta para distribuír os alumnos e alumnas na aula ou agrupalos para os traballos cooperativos.

-Grao de interese e motivación do alumnado.

-Alumnado con circunstancias persoais especiais (por estar en risco de exclusión, pola súa historia familiar, etc.).

A avaliación destes aspectos farase por medio da observación directa, e da información que se recabará dos compañeiros e do Dpto de Orientación nas sesións de avaliación inicial.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | UD 10 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 14 | 9 | 5 | 5 | 14 | 9 | 5 | 5 | 14 | 9 |
| Proba escrita | 80 | 70 | 70 | 60 | 80 | 70 | 70 | 60 | 80 | 70 |
| Táboa de indicadores | 20 | 30 | 30 | 40 | 20 | 30 | 30 | 40 | 20 | 30 |

| Unidade didáctica | UD 11 | UD 12 | Total |
|---|---|---|---|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 5 | 6 | 100 |
| Proba escrita | 70 | 60 | 73 |
| Táboa de indicadores | 30 | 40 | 27 |

**Criterios de cualificación:**

A lingua estranxeira supón un 30% da nota total do ámbito Lingüístico Social; as linguas vernáculas, así como a educación literaria, un 40%; e, por último , as ciencias sociais un 30%  A nota final obtense ao facer a media aritmética das tres avaliacións.

ANOTACIÓN: A aplicación Proens non permite empregar decimais, polo que a a división equitativa entre os tres trimestres sería de 33.3% cada un para facer a media.

A continuación explicamos como se conforma a nota dentro de cada unha das áreas que conforman o ámbito:

1. LINGUA ESTRANXEIRA

O peso outorgado aos criterios de avaliación está distribuído en función dos seguintes parámetros para cada un dos trimestres:

a.- Desempeño nas 4 destrezas lingüísticas e coñecemento da lingua: 75%

-Writing 15% (proba escrita): expresión escrita

-Reading e listening 20% (proba escrita), 10% cada destreza, comprensión lectora e comprensión oral. Os criterios de avaliación para ambas as dúas destrezas son os mesmos.

-Speaking 15% (táboas de indicadores): expresión oral

-Coñecemento da lingua 25% (proba escrita): estruturas gramaticais, funcións lingüísticas e léxico.

b.- Actitude, interculturalidade e consciencia plurilingüe: 25% (Táboas de indicadores): inclúe a reflexión sobre a lingua e a aprendizaxe da mesma, a convivencia con outras linguas, a actitude cara á lingua e o respecto polas achegas do resto de alumnado, así como o traballo diario e deberes.

Non se fará recuperación da parte de lingua inglesa para cada trimestre, xa que os criterios de avaliación traballánse nos tres trimestres de forma continua.

Como se menciona ao comezo, esta nota sobre 100% hai que calculala en base ao peso que ten a área de inglés dentro do ámbito, que é o 30%.

2. COMUNICACIÓN EN LINGUA GALEGA E CASTELÁ e EDUCACIÓN LITERARIA.

A comunicación e educación literaria en lingua galega e castelá suporá o 40% da cualificación final do ámbito.

En cada trimestre a cualificación obterase conforme á seguinte ponderación:

-Reflexión sobre a lingua e educación literaria (probas escritas): 60%

-Comunicación escrita (táboa de indicadores, proba escrita): 10%

-Comunicación oral (comprensión e expresión) (táboa de indicadores): 10%

-Lectura autónoma de dúas obras (en galego e castelán) (táboa de indicadores):20 %

Os erros de ortografía e expresión (incorrecta distribución en parágrafos, mal uso dos signos de puntuación, uso incorrecto de

conectores, léxico pouco adecuado, falta de concordancia, repeticións, erros ortográficos), así como a mala presentación, valoraranse globalmente, podéndose descontar ata un máximo de 1 punto.

Cando a cualificación dunha avaliación sexa inferior a 5, realizarase nesta área ,despois de cada avaliación, actividades de reforzo e unha proba de recuperación .

3. CIENCIAS SOCIAIS

A área de Ciencias Sociais suporá o 30% da cualificación final do ámbito.

O peso outorgado aos criterios de avaliación está distribuido en función dos seguintes parámetros para cada un dos trimestres:

- O 80% da nota corresponderá á media aritmética das probas escritas que se realicen.Nestas probas valoraranse os contidos e a correcta expresión dos mesmos, podéndose descontar ata un máximo de 1 punto pola expresión inadecuada.

- O 20% da nota restante extraerase da realización en tempo e forma das tarefas encomendadas tanto na aula como na casa; exposicións orais ou traballos sobre algún aspecto do currículo de Ciencias Sociais; a actitude respectuosa e de tolerancia democrática na aula; o rexeitamento de actitudes discriminatorias; a conciencia solidaria mediante o traballo en equipo ; a resolución pacífica de conflitos, así como a participación activa (táboa de indicadores).

Cando a cualificación dunha avaliación sexa inferior a 5, realizarase nesta área ,despois de cada avaliación, actividades de reforzo e unha proba de recuperación.

**Criterios de recuperación:**

Unha vez estimada esta porcentaxe ao rematar a terceira avaliación parcial, aquel alumnado que non supere a materia, realizará actividades avaliables de acordo ao plan individualizado de recuperación que lle permitan recuperar a materia.

O alumnado que supere a materia, poderá mellorar a súa cualificación global a través dun proxecto, que pode ser individual ou en equipo, relacionado con unha das temáticas vistas ao longo do curso e na que se avaliarán de forma global as 4 destrezas: expresión e comprensión oral, expresión e comprensión escrita, así como os aspectos

socioculturais inherentes á lingua  e relacionados coas Ciencias Sociais . A cualificación deste proxecto poderá mellorar a cualificación final como máximo ata un punto. Este proxecto será avaliado a través dunha táboa de indicadores que o alumnado coñecerá de antemán.

Ao alumnado que estea repetindo, de ser o caso, faráselle un plan específico personalizado entre todo o equipo docente, baixo a coordinación da/do titora/titor. En cada sesión de avaliación faráselle un seguimento.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Segundo se recolle na Resolución do 26 de maio de 2022, na que se dictan as instrucións para o curso escolar 2022-2023, o alumnado que acceda a un programa de diversificación curricular con materias pendentes de cursos anteriores que non estean integradas nalgún dos ámbitos do programa realizará as actividades de reforzo e de apoio que lle permitan recuperalas ao longo do desenvolvemento do programa. As materias de cursos anteriores integradas nalgún dos ámbitos consideraranse superadas se se supera o ámbito correspondente.

O ámbito Lingüístico e Social, inclúe os aspectos básicos do currículo das materias de Lingua Castelá e Literatura, Lingua Estranxeira, Lingua Galega e Literatura e Xeografía e Historia do terceiro curso, polo que a aquel alumnado que teña algunha materia destas pendente doutros cursos, quedaralle automaticamente recuperada ao aprobar o ámbito lingüístico social.

O deseño das situacións de aprendizaxe dentro do ámbito está enfocado á consecución das mesmas. Para o alumnado que teña materias pendentes, realizarase un seguimento individualizado a fin de considerar a necesidade de establecer algún tipo de intervención que lle facilite a aprendizaxe e superación do ámbito.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Seguindo a Orde de 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 de atención á diversidade, nesta programación desenvolveranse diferentes medidas de atención á diversidade:

-Medidas ordinarias:

A. Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado

B. Adecuación da programación didáctica ao alumnado e ás circunstancias do seu entorno

C. Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión

D. Adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación

-Medidas extraordinarias:

A conformación propia dun grupo de diversificación curricular xa é en sí unha medida extraordinaria.

As medidas ordinarias levaranse a cabo a través do propio deseño da programación e das situacións concretas de aprendizaxe. Neste senso, as decisións metodolóxicas e o emprego dos recursos didácticos son fundamentais para a atención á diversidade. Todas estas decisións están baseadas nos principios do DUA como enfoque que permite diseñar contexto de aprendizaxe personalizados no que todo o alumnado sexa capaz de aprender e nas que as súas características tiñan acollida. Estes principios son:

1. Proporcionar múltiples medios de presentación da información.

2. Proporcionar múltiples medios de acción e representación.

3. Proporcionar múltiples formas de implicación.

No conxunto do alumnado contamos con 1 alumno con dislexia e un alumno con exención en lingua galega.

Polo tanto, terase en conta as consideracións e recomendación incluídas nos protocolos de atención educativa publicados pola Consellería. En concreto, seguiranse as indicación recollidas nos seguintes protocolos:

-Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas de aprendizaxe.

O trascorrer do curso e a realización e análise das diferentes actividades, así como os datos recollidos a través das avaliacións, permitirán introducir modificacións e axustes necesarios en relación á programación co fin de dar unha resposta eficaz e eficiente á todo o alumnado.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - ET 1.- Comprensión lectora | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - ET 2.- Expresión oral | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - ET 3.- Expresión escrita | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - ET 4.- Comunicación audiovisual | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - ET 5.- Competencia dixital | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - ET 6.- O emprendemento social e empresarial | X | | | | X | | | |
| ET.7 - ET 7.- Fomento do espírito crítico e científico a partir de actitudes como a creatividade, autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - ET 8.- Educación emocional en valores | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - ET 9.- Igualdade de xénero, respecto mutuo e cooperación entre iguais. Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.10 - ET 10.- Educación para a saúde | X | X | X | | X | X | X | |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.11 - ET 11.- A formación estética | | | X | | | | X | |
| ET.12 - ET 12.- A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable | | | | X | X | | | X |
| ET.13 - ET 13.- Aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, (...) e de calquera tipo de violencia | X | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 9 | UD 10 | UD 11 | UD 12 |
|---|---|---|---|---|
| ET.1 - ET 1.- Comprensión lectora | X | X | X | X |
| ET.2 - ET 2.- Expresión oral | X | X | X | X |
| ET.3 - ET 3.- Expresión escrita | X | X | X | X |
| ET.4 - ET 4.- Comunicación audiovisual | X | X | X | X |
| ET.5 - ET 5.- Competencia dixital | X | X | X | X |
| ET.6 - ET 6.- O emprendemento social e empresarial | X | | | |
| ET.7 - ET 7.- Fomento do espírito crítico e científico a partir de actitudes como a creatividade, autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico | X | X | X | X |
| ET.8 - ET 8.- Educación emocional en valores | X | X | X | X |

| | UD 9 | UD 10 | UD 11 | UD 12 |
|---|---|---|---|---|
| ET.9 - ET 9.- Igualdade de xénero, respecto mutuo e cooperación entre iguais. Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero | X | X | X | X |
| ET.10 - ET 10.- Educación para a saúde | X | X | X | |
| ET.11 - ET 11.- A formación estética | | | X | |
| ET.12 - ET 12.- A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable | X | | | |
| ET.13 - ET 13.- Aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, (...) e de calquera tipo de violencia | X | X | X | X |

### 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición |
|---|---|
| CONTACONTOS GALEGO/ INGLÉS | Sesión de contacontos en galego e inglés de forma simultánea. É unha actividade conxunta dos departamentos de Lingua Galega e Lingua Inglesa. |
| SAÍDA DIDÁCTICA A CELANOVA E BANDE | Visita ao campamento romano de Aquis Querquenis, á capela de S. Miguel, o Mosteiro de Celanova. Así como visita á Casa Museo de Curros Enríquez |
| CLASE CULTURAL EN INGLÉS CON DAMIEN SHEEHY | Sesión cultural en lingua inglesa cun profesor nativo. |

**Observacións:**

Ademáis destas actividades complementarias, o alumnado participará das actividades que se deseñen para a celebración de conmemoracións tales como Halloween, Día Internacional da Muller, Día do Libro, San Patricio, Día das Letras Galegas...

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| A organización e secuencia das unidades didácticas foi adecuada ás características do alumnado |
| Os criterios de avaliación de cada unidade didáctica foron acordes para o logro efectivo por parte do alumnado |
| Os contidos de cada unidade didáctica foron acordes para o logro efectivo por parte do alumnado |
| A secuencia de criterios de avaliación e contidos foi acertada para o logro das aprendizaxes por parte do alumnado |
| Os instrumentos de avaliación foron axeitados para a constatación obxectiva das aprendizaxes por parte do alumnado |
| A metodoloxía empregada promoveu a participación e motivación de todo o alumnado de xeito activo e efectivo |
| O principio 1 do DUA (Proporcionar múltiples formas de presentación da información) respectouse ao longo das unidades didácticas |
| O principio 2 do DUA (Proporcionar múltiples formas de acción e representación) respectouse ao longo das unidades didácticas |
| O principio 3 do DUA (Proporcionar múltiples formas de motivación) respectouse ao longo das unidades didácticas |
| Os recursos didácticos e materiais empregados foron variados e funcionais ao longo das unidades didácticas |
| A dixitalización está presente na procura de información e realización de actividades |
| Houbo coordinación coas familias ao longo do proceso ensino-aprendizaxe |
| Houbo coordinación entre as profesoras que imparte o ámbito |
| A atención á diversidade tuvo en conta as consideracións recogidas nos Protocolos de actuación da Consellería de Educación |
| As medidas de atención á diversidade necesarias adaptáronse de xeito efectivo tendo en conta as necesidades educativas detectadas en cada momento |
| As interaccións entre o alumnado foron adecuadas contribuindo á construción das aprendizaxes |
| Ofrécese unha retroalimentación axeitada ao alumnado por parte do profesorado |
| Ofrécese unha retroalimentación axeitada ao alumnado por parte das compañeiras e compañeiros |

**Descrición:**

Periódicamente, faremos unha posta en común dos puntos que presentan as maiores dificultades e propoñeremos posibles solucións de xeito coordinado.

Ao remate de cada trimestre, cada docente cumplimentará unha escala de estimación (de 4 a 1, sendo 4 a máxima puntuación e 1 a menor ) para ver que aspectos é preciso mellorar de cara ao seguinte trimestre, ou no caso do último, de cara ao curso seguinte.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A través da programación de aula deseñaranse as actividades concretas para o desenvolvemento efectivo desta programación, seleccionando os recursos, tempos e formatos axeitados en cada momento. Este deseño e desenvolvemento permitirán facer o seguemento da programación, a través da constatación dos obxectivos marcados.

Ao finalizar cada trimestre avaliaremos o cumprimento da programación en canto a obxectivos e contidos. Os datos quedarán reflectidos nunhas grellas trimestrais (escala de estimación con indicadores de logro) deseñadas para tal fin.

Ao rematar o curso faremos unha valoración xeral do cumprimento da nosa programación. As modificacións serán recollidas na memoria final, incluindo as propostas de mellora en función de aqueles indicadores non acadados ou das dificultades que se presenten no desenvolvemnto da programación.

Esta programación esta aberta a modificacións e melloras para adaptala as necesidades do alumnado e profesorado, dependendo dos resultados acadados. Entre estas propostas de mellora poden incluírse a posibilidade de reorganizar os criterios de avaliación e contidos cunha secuencia diferente ou o emprego de novos recursos.

Para implementar esta análise empregarase unha escala de estimación (de 4 a 1, sendo 4 a máxima valoración e 1 a menor) con indicadores que den resposta ás seguintes cuestións:

-O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?

-Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?

-O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?

-Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?

-Concretáronse os elementos transversais a desenvolver?

-Fixouse a estratexia metodolóxica común para o conxunto das materias que conforman o ámbito?

-Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?

-Son axeitados, variados, funcionais e versátiles, os materiais didácticos empregados?

-Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?

-Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua?

-Estableceuse un plan de recuperación para que o alumnado coa materias pendentes doutros cursos poida recuperala, se fose o caso?

-Adoptáronse as medidas de atención á diversidade precisas?

## 9. Outros apartados